

## AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

### 1. A QUÉ PERSOAS VAI DIRIXIDO?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta **a condición de gratuito e do que por renda familiar resulta pagador dun euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

**E dicir, a familias que durante o curso escolar pagan 0 euros polo comedor, ou 1€ polo mesmo.**

### 2. EN QUÉ CONSISTE A AXUDA?

As axudas económicas previstas consisten nunha **compensación do custo diario do menú por comensal**, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e **polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo** como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

**E dicir, axúdase economicamente a manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.**

### 3. QUÉ AXUDA SE VAI A PERCIBIR?

**(2,50 €) no casos de alumnado gratuidade total**

**(1,50 €) para o alumnado que paga 1€**

### 4. QUÉ DÍAS CUBRE ESTA AXUDA?

**Marzo:** dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.

**Abril:** dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.

**Prórroga:** si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)



## 5. CÓMO SE VAI A PAGAR?

**En dous pagamentos.**

**1** pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

**2** pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

## 6. QUEN SON OS BENEFICIARIOS?

**Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.**

## 7. CÓMO PRESENTAR A SOLICITUDE E QUÉ PRAZO HAI?

**Prazo:** dende o día **31 DE MARZO O 6 DE ABRIL**, ambos inclusive.

**Presentación:** **Forma electrónica sempre**, de **dúas** formas:

- **Formulario normalizado** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para elo é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

- **Dirección do centro:** enviando un correo electrónico a

[ceip.virxe.covadonga@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxe.covadonga@edu.xunta.es) cos seguintes datos:

1. DNI do pai ou da nai:
2. Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€  
Nome do neno/a:
3. Nome do pai/nai:
4. Número da conta bancaria:



## 8. PUBLICÍTASE A RESOLUCIÓN DAS FAMILIAS BENEFICIADAS?

**NON**, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**Aclaración:** cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

## 9. CANTO TEMPO TARDA EN RESOLVERSE A RESOLUCIÓN?

**10 días**, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

## 10. CANTO TEMPO TARDA A XUNTA DE GALICIA EN ABOAR O PAGAMENTO?

**5 días** dende que salga a resolución.

OURENSE 29 de Marzo de 2020

Leticia M<sup>a</sup> Aguado Casasola

Directora CEIP VIRXE DE COVADONGA